



**CONCELLO DA BAÑA  
SERVIZOS SOCIAIS**

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal

**BASES QUE REXERÁN O PROCESO DE SOLICITUDE E O CUSTO DERIVADO DO SERVIZO DE TRANSPORTE DE ESTUDANTES DE BACHARELATO OU CICLOS FORMATIVOS DA BAÑA EN CENTROS PÚBLICOS DOS CONCELLOS DE NEGREIRA OU SANTA COMBA PARA O CURSO 2025/2026.**

**1. OBXECTO**

Son obxecto destas bases regular o proceso de solicitude e o custo derivado do servizo de transporte daqueles/as alumnos/as do concello estudantes de bacharelato ou ciclos formativos en centros de ensino públicos dos concellos de Negreira ou Santa Comba, nalgunha das seguintes modalidades:

- Bacharelato.
- Ciclo de formación profesional básica \*
- Ciclo medio de formación profesional. \*
- Ciclo superior de formación profesional. \*

\* Nas modalidades de Réxime ordinario, Formación profesional Básica e Formación profesional dual.

A finalidade é favorecer a escolarización non obrigatoria nos niveis de bacharelato e ciclos de formación profesional.

**2. PERSOAS DESTINATARIAS**

Os/As estudantes matriculados nun dos centros públicos de Negreira ou Santa Comba sinalados a continuación:

- Instituto de Educación Secundaria Xulián Magariños (Negreira).
- Instituto de Educación Secundaria Terra do Xallas (Santa Comba).

Estes estudantes non disporán de medios propios para desprazarse aos centros de ensino anteriormente citados nin terán a opción de facer uso do transporte público, xa sexa pola inexistencia de liñas regulares de transporte ou, de existir estas, os horarios non concorden coas horas de chegada e/ou saída aos centros de ensino.

**3. ESTRUTURA DO SERVIZO**

Este servizo será de carácter temporal, ofrecido dende setembro do 2025 ata xuño do 2026 (ambos incluídos), coincidindo co calendario escolar anual e en horario lectivo dos centros



**CONCELLO DA BAÑA  
SERVIZOS SOCIAIS**

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal

educativos:

- Horario IES Xulián Magariños: entrada ás 08:45 horas. Saída ás 14:25. Clases os martes pola tarde de 16:20 a 17:50 horas.
- Horario IES Terra do Xallas: entrada ás 08:50, saída ás 14:30 horas. Clases os luns pola tarde de 15:40 a 18:10 horas.

A organización das rutas e distribución dos/as alumnos/as nos vehículos habilitados para cubrir o servizo serán xestionadas desde a Concellería de Acción Social, Cultural e Servizos á Cidadanía do Concello da Baña.

Non haberá servizo de transporte do alumnado que cursa estudos no IES Terra do Xallas os luns ás 14:30 nin ás 15:40 horas. Os luns o servizo será no horario de entrada das 08:50 horas e no de saída das 18:10 horas.

Non haberá servizo de transporte do alumnado que cursa estudos no IES Xulián Magariños os martes ás 14:25 nin ás 16:20 horas. Os martes o servizo será no horario de entrada das 08:45 horas e no de saída das 17:50 horas.

As prazas dispoñibles no curso 2025-2026 son un total de 25. Se a demanda fose superior a esta cifra podería adecuarse o número de prazas as necesidades existentes.

#### **4. INSCRICIÓNS:**

O prazo de presentación de instancias será de **sete (7) días naturais** a contar dende o día seguinte á publicación destas bases na Sede electrónica do Concello da Baña e na páxina web municipal. Transcorrido este prazo non se admitirán novas inscricións.

As solicitudes presentaranse segundo os modelos normalizados, que deberán ser asinadas pola nai, pai, titor/a legal ou membro da familia de acollida da nena ou neno e presentarse no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A solicitude será única para tódolos/as fillos/as. Se estivesen admitidos/as en centros docentes diferentes presentarán unha solicitude por cada fillo/a.

Consideraranse admitidas todas as persoas que, cumprindo os requisitos, acheguen a documentación necesaria en forma e prazo.

A baixa no servizo é libre e poderase presentar en calquera momento, solicitándoo así por escrito no rexistro xeral do Concello da Baña e dando aviso previo nas oficinas municipais encargadas de supervisar o servizo, segundo o establecido nesta na convocatoria.

Poderán ser motivo de baixa involuntaria aqueles casos onde non se faga uso do servizo de transporte de xeito reiterado, en períodos de dúas ou máis semanas, e sen acreditar debidamente os motivos e/ou causas polas cales non se usa dito servizo.



**CONCELLO DA BAÑA  
SERVIZOS SOCIAIS**

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal

## 5. DOCUMENTACIÓN:

Esta solicitude deberá vir acompañada da seguinte documentación:

- Anexo 1. Ficha de inscrición
- Anexo 2. Orde de domiciliación bancaria
- Anexo 3. Autorización de número de móbil para comunicacións
- Declaración da renda exercicio 2024 ou certificado negativo de non ter a obriga de presentación da mesma.
- Certificado de discapacidade, de ser o caso.
- Fotocopia do documento de identidade da persoa menor ou libro de familia
- Fotocopia do documento de identidade da persoa titular da conta

## 6. PREZOS PÚBLICOS:

As cotas serán aplicadas de acordo co determinado na correspondente Ordenanza Fiscal Reguladora do Prezo Público polos Servizos Culturais e Deportivos, artigo 4 (punto 4.5) do ano 2016.

O pagamento do servizo efectuarase por domiciliación bancaria e de forma mensual, agás o primeiro cargo, que se realizará unha vez transcorridos os meses de setembro e outubro.

O prezo público asumido pola persoa usuaria será o seguinte

<b>PAGAMENTO CON BASE NA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLOS SERVIZOS CULTURALS E DEPORTIVOS</b>	
<b>RENDA PER CÁPITA</b>	<b>CUSTO</b>
Ata 7250 euros	50 €/mes
Entre 7251 e 14.000 euros	75€/mes
Máis de 14.000 euros	100€/mes

No suposto dalgún dos casos que se relacionan a continuación serán de aplicación unha serie de descontos:

. Aqueles/as usuarios/as que aporten a documentación correspondente demostrando que non poden usar o servizo de transporte á volta por non coincidir os horarios da FP cos do bacharelato terán un desconto do 50%, sempre e cando ningún dos días lectivos coincidan ditos horarios.

. Por segundo/a irmán/irmá: desconto do 17,5 % a aplicar á cota correspondente a cada unidade familiar.



**CONCELLO DA BAÑA  
SERVIZOS SOCIAIS**

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal

. Por discapacidade acreditada do/a usuario/a do servizo de transporte igual ou superior ao 33 %: desconto do 50% a aplicar á cota correspondente a cada unidade familiar.

. Por ser familia numerosa de réxime xeral ou familia numerosa de réxime especial: desconto do 50 % a aplicar á cota correspondente a cada unidade familiar.

A renda neta per cápita familiar obtérase como resultado de realizar os seguintes cálculos en base á declaración da renda do exercicio 2024:

1. Sumarase a base impositiva xeral coa base impositiva do aforro.
2. Deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación.

Segundo isto, a renda familiar para os efectos da autodeclaración é o resultado da facer as seguintes operacións coa declaración do IRPF: recadro 435 + recadro 460 – recadro 595. O resultado obtido dividirase polo número de membros que forman parte da unidade familiar.

## 7. PROTECCIÓN DE DATOS.

a) Responsable do tratamento	Concello da Baña NIF: P1500700H Contacto Delegado de Protección de Datos (DPD):dpd@concellodabana.gal
b) Finalidade do tratamento	Xestión dos servizos, actividades e eventos educativos organizados e promovidos polo Concello da Baña.
c) Lexitimación	Artigo 6.1.c) RXPDP o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obrigaón legal: - Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Artigo 6.1.e) RXPDP o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento. En certas ocasións o tratamento pode estar baseado no artigo 6.1.a) do RXPDP: consentimento das persoas afectadas.
d) Categoría de persoas interesadas	Persoas participantes nas actividades educativas organizadas ou promovidas polo Concello da Baña.
e) Categoría de datos	-Datos identificativos: nome e apelidos, NIF, enderezo postal, teléfono, imaxe, correo electrónico, sinatura. Número de conta.
f) Destinatarios/as	Outras administracións públicas competentes na materia. Entidades ou profesionais externos que se encarguen de impartir o taller ou formación e que terán a consideración de encargado de tratamento.
g) Transferencias Internacionais	Non está previsto realizar transferencias internacionais.



**CONCELLO DA BAÑA  
SERVIZOS SOCIAIS**

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal

h) Prazos de conservación	Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación. En calquera caso, os datos poderán ser conservados, no seu caso, con fins de arquivo de interese público, fins de investigación científica e histórica ou fins estatísticos.
i) Medidas de Seguridade	As medidas de seguridade (técnicas e organizativas) implantadas cumpren co Anexo II (Medidas de seguridade) do Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o esquema nacional de seguridade e no ámbito da administración electrónica (ENS).

## 8. DISPOSICIÓN FINAL.

Estas bases e cantos actos administrativos deriven das mesmas poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola LPACAP e a Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor o recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes que se contará desde o día seguinte ao da publicación deste acordo, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Poderase interpoñer o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses que se contará a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo ou desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución do recurso potestativo de reposición ou en que este se deba entender desestimado.

Todo isto sen prexuízo do dereito dos/as interesados/as a formular calquera outro recurso que se considere pertinente.



**CONCELLO DA BAÑA  
SERVIZOS SOCIAIS**

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal

**FICHA DE SOLICITUDE DO SERVIZO DE TRANSPORTE DE ESTUDANTES DE BACHARELATO OU CICLOS FORMATIVOS DA BAÑA EN CENTROS PÚBLICOS DOS CONCELLOS DE NEGREIRA OU SANTA COMBA PARA O CURSO 2025/2026.**

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

Nome e apelidos

NIF

Enderezo

Teléfono fixo

Teléfono móbil

Correo electrónico

**DATOS DO ALUMNADO (indicar os datos de todos/as os/as alumnos/as que estean no mesmo centro)**

Nome e apelidos

NIF

Data de nacemento

Estudos e curso que realizará en 2025/2026

Nome e apelidos

NIF

Data de nacemento

Estudos e curso que realizará en 2025/2026

Centro onde cursará/n os estudos en 2025/2026

IES XULIÁN MAGARIÑOS

IES TERRA DO XALLAS



**CONCELLO DA BAÑA  
SERVIZOS SOCIAIS**

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal

**ORDE DE DOMICILIACIÓN DE RECIBOS.**

**DATOS BANCARIOS DO TITULAR**

Conta de domiciliación: IBAN (número internacional de conta bancaria)									
	-		-		-		-		-

Oficina	Localidade

**DATOS PERSOAIS DO/DA TITULAR DA CONTA**

Nome e apelidos			NIF	
Enderezo				
Código postal	Municipio	Provincia	Teléfono	
Correo electrónico				

**USUARIOS/AS DO SERVIZO DE TRANSPORTE DE ESTUDANTES DE BACHARELATO OU CICLOS FORMATIVOS DA BAÑA EN CENTROS PÚBLICOS DOS CONCELLOS DE NEGREIRA OU SANTA COMBA PARA O CURSO 2025/2026**

Nome e apelidos usuario 1:  
Centro de estudos:

Nome e apelidos usuario 2:  
Centro de estudos:

**AUTORIZACIÓN**

Autorizo ao Concello da Baña para proceder ao cobro da taxa correspondente, no número de conta arriba indicado. En cumprimento coa normativa legal vixente sobre o tratamento de datos de carácter persoal, autorizo ao Concello da Baña a que poida ceder a terceiros os datos de carácter persoal que sexan precisos para o cumprimento da presente orde de domiciliación de recibos.

Na Baña, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20 \_\_\_\_.

Asdo.:



**CONCELLO DA BAÑA**  
**SERVIZOS SOCIAIS**

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal

j) Responsable do tratamento	do	Concello da Baña NIF: P1500700H Contacto Delegado de Protección de Datos (DPD):dpd@concellodabana.gal
k) Finalidade do tratamento	do	Xestión dos servizos, actividades e eventos educativos organizados e promovidos polo Concello da Baña.
l) Lexitimación		Artigo 6.1.c) RXPDP o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obrigaón legal: - Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Artigo 6.1.e) RXPDP o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento. En certas ocasións o tratamento pode estar baseado no artigo 6.1.a) do RXPDP: consentimento das persoas afectadas.
m) Categoría de persoas interesadas	de	Persoas participantes nas actividades educativas organizadas ou promovidas polo Concello da Baña.
n) Categoría de datos		-Datos identificativos: nome e apelidos, NIF, enderezo postal, teléfono, imaxe, correo electrónico, sinatura. Número de conta.
o) Destinatarios/as		Outras administracións públicas competentes na materia. Entidades ou profesionais externos que se encarguen de impartir o taller ou formación e que terán a consideración de encargado de tratamento.
p) Transferencias Internacionais		Non está previsto realizar transferencias internacionais.
q) Prazos de conservación	de	Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación. En calquera caso, os datos poderán ser conservados, no seu caso, con fins de arquivo de interese público, fins de investigación científica e histórica ou fins estatísticos.
r) Medidas de Seguridade	de	As medidas de seguridade (técnicas e organizativas) implantadas cumpren co Anexo II (Medidas de seguridade) do Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o esquema nacional de seguridade e no ámbito da administración electrónica (ENS).



**CONCELLO DA BAÑA  
SERVIZOS SOCIAIS**

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal

**AUTORIZACIÓN DE USO DE NÚMERO DE TELÉFONO.**

Dona/Don \_\_\_\_\_, con  
NIF \_\_\_\_\_ pai, nai ou titor/a do/a/s menor/es

---

AUTORIZO ao Concello da Baña a usar o número de teléfono móbil para formar un grupo de WhatsApp coa finalidade única e exclusivamente informativa sobre o servizo de transporte de estudantes de bacharelato ou ciclos formativos da Baña en centros públicos dos concellos de Negreira ou Santa Comba para o curso 2025/2026.

Na Baña, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_\_.

Asdo.:



**CONCELLO DA BAÑA**  
**SERVIZOS SOCIAIS**

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal

s) Responsable do tratamento	do	Concello da Baña NIF: P1500700H Contacto Delegado de Protección de Datos (DPD):dpd@concellodabana.gal
t) Finalidade do tratamento	do	Xestión dos servizos, actividades e eventos educativos organizados e promovidos polo Concello da Baña.
u) Lexitimación		Artigo 6.1.c) RXPDP o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obrigaón legal: - Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Artigo 6.1.e) RXPDP o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento. En certas ocasións o tratamento pode estar baseado no artigo 6.1.a) do RXPDP: consentimento das persoas afectadas.
v) Categoría de persoas interesadas	de	Persoas participantes nas actividades educativas organizadas ou promovidas polo Concello da Baña.
w) Categoría de datos		-Datos identificativos: nome e apelidos, NIF, enderezo postal, teléfono, imaxe, correo electrónico, sinatura. Número de conta.
x) Destinatarios/as		Outras administracións públicas competentes na materia. Entidades ou profesionais externos que se encarguen de impartir o taller ou formación e que terán a consideración de encargado de tratamento.
y) Transferencias Internacionais		Non está previsto realizar transferencias internacionais.
z) Prazos de conservación	de	Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación. En calquera caso, os datos poderán ser conservados, no seu caso, con fins de arquivo de interese público, fins de investigación científica e histórica ou fins estatísticos.
aa) Medidas de Seguridade	de	As medidas de seguridade (técnicas e organizativas) implantadas cumpren co Anexo II (Medidas de seguridade) do Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o esquema nacional de seguridade e no ámbito da administración electrónica (ENS).